

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONSORCIO DE TURISMO DE RIBEIRA SACRA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PARTE DAS ACCIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DA PAISAXE CULTURAL

REUNIDOS

Por unha banda, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Por outra, Luis Fernández Guitián, presidente do **Consortio de Turismo Ribeira Sacra** no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases do réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Interven en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o 2 de xuño de 2020 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra para a realización de parte das accións previstas no Plan de Xestión da Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra para a súa declaración como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.



Segundo.- Que na cláusula sexta establécese que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Consorcio remata o 15 de outubro de 2020.

Terceiro.- O pasado 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde declarou pandemia internacional a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19.

Mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O estado de alarma declarado foi prorrogado co sometemento ás mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Prórrogas que alcanzaron ata o 21 de xuño de 2020.

O contexto actual da pandemia mudou os prazos, prioridades e plans de traballo de todas as institucións e entidades, entre eles, o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

O Consello da Xunta aprobou o pasado día 9 de xullo a creación da Comisión Interdepartamental como un organismo que se encargue de xestionar e coordinar as iniciativas relacionadas coa candidatura deste territorio a Patrimonio da Humanidade. Formaban parte del as Consellerías de Cultura e Turismo, Medio Ambiente, Territorio, Vivenda, Infraestruturas, Mobilidade, Economía, Emprego, Industria e Medio Rural.

Unha das actuacións contempladas no convenio é a de “Actualización e promoción da marca de destino Ribeira Sacra como paisaxe cultural”. A intención era crear unha marca da Paisaxe Cultural que, independentemente do veredicto da UNESCO, permaneza como marca global do BIC e faga máis forte a capacidade de comunicación do xeodestino. Con todo, o Consorcio, aínda que como promotor da idea, non debe decidir sobre a creación desa marca nin sobre a elección da mesma de xeito unilateral. Enténdese que todo o que alude a ese BIC e á candidatura vixente debería de poñerse en coñecemento da Comisión Interdepartamental.

A valoración da proposta do Consorcio ante a Comisión e, de ir adiante a idea, a posterior contratación do deseño desa nova marca implican un proceso que non é asumible no período que discorre de aquí ao 15 de outubro que é prazo que marca o convenio como límite para a súa



xustificación, motivo polo que se fai necesaria a modificación do convenio asinado no relativa á data de xustificación das accións subvencionadas, que debe ampliarse ao 1 de decembro de 2020.

Por estes motivos, acórdase celebrar a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Modifícase a cláusula sexta do convenio, de xeito que queda redactada do seguinte xeito:

“Sexta.- Xustificación e pagamento

1. O Consorcio, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, estará obrigado a xustificar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o concello deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.



- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmoables.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá achegarse polo Consorcio:

- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de



conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e do Xacobeo 2021.

- Indicación do número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

3. De conformidade co artigo 12.3 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regula especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a contratación das obras ou equipamentos será realizada polo concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo a entidade local contratante a responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos se puidera derivar.

4. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

5. A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

6. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Consorcio remata o **1 de decembro de 2020**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención proporcionalmente á contía xustificada.



Ao abeiro do disposto no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro: “1. *Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.*

2. *Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención”.*

Segunda. Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos nesta.

Terceira. Condicións

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.





Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínana na data da súa sinatura dixital

Pola Axencia Turismo de Galicia
O Presidente

Polo Consorcio
O Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela

Luis Fernández Guitián

